

*ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓN S OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE “MELLORA MOBILIDADE PEONIL DA EP 4006 NO TREITO ANTIGO DO COLEXIO LEIRADO, TENDO O INICIO NO PQ 5+900 DA EP 4006 (CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO)”*

*En Pontevedra, na data de sinatura dixital*

#### INTERVEÑEN

*Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Marta Valcárcel Gómez, alcaldesa do Concello de Salvaterra do Miño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes reconécese mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I.- O 3 de maio de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Salvaterra do Miño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 4006 no treito antigo do colexio Leirado, tendo o inicio no P.Q. 5+900 da EP 4006 (Concello de Salvaterra de Miño)”.*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*III.- A Deputación presentou o 8 de novembro de 2021 no Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e*



PACTAN

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Salvaterra do Miño para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 4006 no treito antigo do Colexio Leirado, tendo o inicio no P.Q. 5+900 da EP 4006 (Concello de Salvaterra de Miño)”.*

*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 3 de maio de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.*

